
GARAVANCIÑO

Adaptación de OLALLA GONZÁLEZ

Ilustracións de MARC TAEGER

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) Portugal

Garavanciño (galego)

ISBN 978-84-8464-682-2. Os contos do trasno.

Garbancito (castelán)

ISBN 978-84-96388-89-5. Cuentos tradicionales.

En patufet (catalán)

ISBN 978-84-8464-964-9. Contes tradicionals.

Grão de milho (portugués)

ISBN 978-989-8205-04-9. Contos tradicionais.


Cecino (italiano)

ISBN 978-88-95933-62-7. I racconti tradizionali.

Había unha vez unha familia que tiña un fillo moi pequeno, tan pequeno coma un garavanzo. Por iso decidiron chamarlle Garavanciño. Un día cando a súa nai estaba facendo o xantar, notou que lle faltaba o azafrán. Garavanciño axiña se ofreceu para ir á tenda. A nai nunca o deixaba saír só da casa porque tiña medo de que a xente non o vise e o pisase. Pero Garavanciño insistiu. Díxolle á súa nai que iría cantando; así, aínda que non o visen, sentiríano e ninguén o pisaría...

KALANDRAKA recuperou este relato de tradición oral, de estrutura encadeada e ritmo acumulativo. Como todos os que pertencen a este xénero, "Garavanciño" posúe un alto nivel pedagóxico e contribúe a construír a mente dos primeiros lectores, porque os contos populares son o nexo entre a cultura dos maiores e o mundo moderno actual.

A historia enmárcase nun ambiente familiar e protector, propio do fogar; pero lonxe de inculcarlle complexos e debilidades ao protagonista a causa do seu pequeno tamaño, transmite unha mensaxe positiva: Garavanciño é forte, ten iniciativa, sabe afrontar e resolver os problemas que lle xorden; e ademais, neste caso, con final feliz.



■ **Temática:** conto tradicional adaptado.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** os tamaños, o fogar, a familia; superación das dificultades; conto acumulativo, estrutura repetitiva; canción a modo de retrouso que fomenta a oralidade: *pachín, pachán, pachón...*; do ilustrador de "A verdadeira historia de Carapuchiña", "Elefante comellón", "Aquiles o puntiño", "Tic-tac", "Artur" e "A Guía Necsia"; da adaptadora de "Chibos chibóns"; dos autores de "Un máis".

Olalla González

(Marín, 1977)

Mestra, contacontos e especialista en animación á lectura. Colaboradora de KALANDRAKA, tamén coordinou o espazo infantil LoboCoxo. Ademais de adaptar os contos tradicionais "Garavanciño" e "Chibos chibóns", é autora de "Un máis" (KALANDRAKA).

Marc Taeger

(Berna, 1963)

Estudou deseño gráfico en Barcelona. Afincado en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son as especialidades da súa obra, exposta en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica. Recibiu o Premio Daniel Gil 2005 polo seu traballo de ilustración e deseño en "A verdadeira historia de Carapuchiña" (KALANDRAKA). Seguironlle "Aquiles o puntiño", "Tic-tac", "Garavanciño", "Elefante comellón", "Un máis" e, no selo FAKTORÍA K, "Artur" e "A Guía Necsia".

www.marquski.com

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
